

Diálogo Estratéxico con empresas de Seguridade, Defensa e Aeroespazo en Galicia

A Iniciativa Estratéxica da Industria de Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030.

Desde o ano 2015, a Xunta de Galicia leva impulsando o sector aeroespacial mediante unha iniciativa estratéxica que coordina importantes investimentos de diversos actores públicos e privados neste sector de alta tecnoloxía. O contexto xeopolítico actual levou á Xunta a revisar esta iniciativa e a ampliar o seu alcance sectorial, para vincular as actividades do sector aeroespacial cos importantes mercados da seguridade e a defensa.

Neste marco, a **Consellería de Economía e Industria, en colaboración co ecosistema galego do sector** e expertos na materia, elaborou a **Iniciativa Estratéxica da Industria de Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030**, para o que identificou obxectivos, programas de investimento e actuacións concretas que serán impulsados pola Xunta de Galicia nos vindeiros anos.

Co obxectivo de reforzar o seu liderado no impulso da colaboración público-privada como modelo óptimo para a creación de riqueza e de emprego de calidade na rexión, a Xunta de Galicia comeza a execución desta nova iniciativa estratéxica e pon en marcha unha actuación innovadora nunca antes realizada no contexto da política industrial e de innovación en España: un diálogo estratéxico coa industria.

Diálogo Estratéxico coa Industria

O diálogo estratéxico permitirá aos equipos da Xunta coñecer de primeira man as necesidades da industria e, con iso, prepararse para unha mellor xestión dos investimentos que se realizarán durante os vindeiros cinco anos. Ao mesmo tempo, permitirá ás empresas mostrar as súas necesidades e concretar as súas demandas de apoio público, á vez que coñecer os plans de investimento existentes por parte da Xunta.

Desta maneira, o diálogo estratéxico contribuirá a aliar os intereses das empresas e do sector público e, con iso, facilitará que Galicia continúe sendo un lugar óptimo no que localizar os futuros investimentos industriais nestes sectores.

O Diálogo Estratéxico levarase a cabo durante os primeiros seis meses da Iniciativa Estratéxica. Posteriormente, a relación coas empresas establecerase no marco dos distintos instrumentos que se vaian executando: consultas preliminares, licitacións, convocatorias etc.

O diálogo materializarase a través das seguintes actividades:

- Un **cuestionario** completado polas empresas que estean interesadas en participar no diálogo estratéxico, que se achega como anexo a este documento.
- **Reunións bilaterais** entre a Xunta e as empresas con capacidade de investimento en Galicia, nas que se analizará a información proporcionada e entrarase nos detalles de posibles proxectos de investimento.
- **Grupos de traballo** con empresas interesadas en instrumentos de apoio concretos, que permitirá adecuar estes instrumentos ás necesidades das empresas.

Confidencialidade e seguridade da información.

A Xunta garante ás empresas que toda a información recibida ao longo do Diálogo Estratéxico será tratada con absoluta confidencialidade e accederá á mesma o menor número de persoas que sexa posible. En calquera caso, a Xunta está en disposición de asinar acordos de confidencialidade coas empresas que así o consideren preciso.

ANEXO

CUESTIONARIO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DIÁLOGO ESTRATÉGICO

1. Información Xeral da Empresa

- Nome da empresa:
- Persoa de contacto:
 - ☐ Nome:
 - ☐ Cargo:
 - ☐ Email:
- Localización principal:
 - ☐ País:
 - ☐ Rexión:
 - ☐ Cidade:
- Ámbitos da actividade:
 - ☐ Aeroespacial
 - ☐ Defensa
 - ☐ Seguridade
 - ☐ outros (indicar):
- Número aproximado de empregados:
- Facturación anual (estimada):
- Localización principal en Galicia:
- Ámbitos da actividade en Galicia:
 - ☐ Aeroespacial
 - ☐ Defensa
 - ☐ Seguridade
 - ☐ outros (indicar):
- Número aproximado de empregados en Galicia:
- Facturación anual en Galicia (estimada):

2. Presenza e Actividade en Galicia

- Que tipo de operacións realiza actualmente en Galicia?
 - ☐ Producción
 - ☐ I+D
 - ☐ Servizos
 - ☐ Mantemento
 - ☐ Formación
 - ☐ outros (indicar e describir).

- Que importancia ten a rexión galega na súa cadea de valor nacional/internacional?
- Mantén colaboracións con outras empresas, centros tecnolóxicos ou universidades en Galicia?
 - ☐ Si
 - ☐ Non

(en caso afirmativo, indique con quen e en que ámbitos).

3. Estratexia Industrial a Curto e Medio Prazo (1-5 anos)

- Cales son as súas principais liñas estratéxicas de crecemento ou transformación en Galicia?
 - ☐ novos investimentos
 - ☐ ampliacións
 - ☐ recolocacións
 - ☐ dixitalización
 - ☐ internacionalización
 - ☐ outros (detallar):
- Planea ampliar as súas capacidades produtivas ou de I+D na rexión?
 - ☐ Si
 - Se é afirmativo, en que áreas e con que horizonte temporal?:
 - ☐ Non
- Que factores poderían impulsar ou frear os seus plans industriais en Galicia?
- Está a considerar novos investimentos fóra de Galicia, xa sexa noutras rexións españolas ou noutros países? (cales, onde, e por que)
- Que condicións serían necesarias para que eses investimentos se realizasen en Galicia en lugar de noutras localizacións?

4. Tecnoloxía, Innovación e Capacidades Industriais

- En que tecnoloxías chave está centrando a súa actividade futura?
 - ☐ intelixencia artificial
 - ☐ sistemas autónomos
 - ☐ materiais avanzados
 - ☐ xemelgos dixitais
 - ☐ outros (detallar):
- Participa ou prevé participar en proxectos colaborativos de I+D (rexionais, nacionais ou europeos)?
 - ☐ Si
 - Comentarios:
 - ☐ Non

- Que capacidades ou infraestruturas considera críticas para o desenvolvemento da súa actividade en Galicia?
- Considera que as ditas capacidades están mellor cubertas noutras rexións ou países? Cales?

5. Talento e Formación

- Cales son as súas necesidades actuais e previstas en canto a perfís profesionais?
Aeroespacial
 - ☐ Defensa
 - ☐ Seguridade
 - ☐ outros (indicar):
- Tes dificultades para captar ou reter talento cualificado en Galicia?
- Considera relevante unha maior colaboración cos centros formativos galegos (FP, universidades)?
 - ☐ Si
 - Comentarios:
 - ☐ Non
- Como valora a oferta de talento especializado en Galicia en comparación con outras rexións onde opera?

6. Apoio Institucional e Colaboración Público-Privada

- Que tipo de apoio considera máis útil por parte da administración autonómica?
 - ☐ Financiamento
 - ☐ solo industrial
 - ☐ compra pública
 - ☐ apoio a I+D
 - ☐ internacionalización
 - ☐ formación
 - ☐ clústeres
 - ☐ outros (indicar):
- Participa actualmente nalgún clúster, consorcio ou rede empresarial con presenza en Galicia?
 - ☐ Si
 - Detallar:
 - ☐ Non
- Que medidas ou incentivos poderían facer que Galicia fose máis atractiva que outras rexións para investir?

7. Comentarios Adicionais e Documentación adxunta.

- Desexa engadir algunha reflexión ou proposta concreta sobre como podería a Xunta apoiar a súa empresa?

- Achegue calquera información adicional que desexe e que considere que pode ser de importancia no marco deste Diálogo Estratéxico.